

**ACTA DA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DO  
14 DE XULLO DE 2018**

No Hotel Congreso de Teo, o 14 de xullo de 2018, reúnen-se en segunda convocatoria ás 10.47 horas, os membros da Asemblea Xeral que se relacionan a continuación:

**Xunta Directiva**

1. Presidente: D. Juan Carlos Muñiz Nieto  
Secretaria: Dña. Begoña Carpinteiro Manteiga  
Vogal: D. Esteban Lorenzo Vila

**Estamento de clubs**

2. Barbanza Club Ciclista  
3. Bici Verde Club Ciclista  
4. Galega de Ciclistas Asociación  
5. O Rosal Club Ciclista  
6. Orensano Club Ciclista

**Estamento de deportistas**

7. D. Esteban Lorenzo Vila

**Estamentos de xuíces-árbitros**

8. D. José Luis Padín Cousido

**Invitados**

D. Juan Ramón Villa (O Rosal C.C.)  
D. Ricardo Terceiro (Teo C.C.)

D. Juan Carlos Muñiz, Presidente da Federación Galega de Ciclismo (FGC), comeza a Asemblea Xeral Extraordinaria dando a benvinda aos asistentes, e explicando os motivos da celebración da data desta asemblea. Ante a presenza de D. Ricardo Terceiro, o Presidente solicita que conste en acta que este señor non pode exercer o dereito a voto en representación do Teo C. C. por non ser membro da súa Xunta Directiva tal e como dita o art.11, pto 3. dos estatutos da FGC. A continuación, a Secretaria pasa lista para o recuento nas votacións computándose 8 votos.

A sesión comeza co primeiro punto da orde do día.

**1. Estudo e aprobación, se procede, do calendario Deportivo Ciclocross 2018-2019**

O Presidente informa da reunión celebrada cos clubs organizadores de Ciclocrós (CX) o pasado 22 de xuño en Santiago de Compostela co fin de programar a nova tempada da disciplina. Preséntase o calendario e estúdanse as datas presentadas polos clubs. Intervén D. Carlos Moure, representante do Orensano Club Ciclista, para solicitar data para organizar un CX en Baños de Molgas quedando fixada para o domingo, 18 de novembro. Sen máis observacións ao calendario sométese a votación quedando aprobado por unanimidade.

## 2. Estudo e aprobación, se procede, da Normativa Técnica de Ciclocross

A Secretaria procede a dar lectura ás modificacións ao borrador da Normativa Técnica de Ciclocrós 2018-2019. Tras debate dos novos cambios, recóllense as propostas por parte dos asembleístas presentes e sométese a votación quedando aprobada por unanimidade.

## 3. Lectura Informe Auditoría 2017

O Presidente indica que o informe foi enviado aos asembleístas para ter coñecemento do mesmo e sinala os datos máis relevantes. Tras debate dalgúns aspectos económicos relativos ao funcionamento da FGC, dáse por finalizado devandito punto ao non ter que ser sometido a votación.

## 4. Aprobación, se procede, do Calendario Electoral 2018.

O Presidente informa os asistentes que unha vez o calendario electoral sexa aprobado pola Asemblea, será enviado á Secretaria Xeral para o Deporte para a súa revisión e visto e prace. A continuación, a Secretaria procede á lectura do mesmo. Non formulándose ningunha outra observación algunha ao calendario, sométese a votación, quedando aprobado por unanimidade.

## 5. Aprobación, se procede, do Regulamento Electoral 2018.

A Secretaria dá lectura ao texto completo do regulamento electoral. Non formulándose observación algunha ao mesmo, a continuación sométese a votación quedando aprobado por unanimidade de todos os presentes.

Toma a palabra, D. Carlos Moure, en representación do Orensano Club Ciclista para solicitar fora da orde do día, unha moción de urxencia con obxecto de debater a seguinte proposta. A Secretaria comunícalle que sendo unha asemblea extraordinaria non existe o punto de rogos e preguntas, só débátese os puntos da orde do día. A Asemblea accede a escoitar ao Sr. Moure e este presenta a súa proposta en referencia á resolución da RFEC de non aceptar as iniciativas propostas polo Orensano Club Ciclista en apoio da Mesa Española da Bicicleta e de Anna Gonzalez. O Presidente responde que está moción de urxencia constará en acta e será remitida ao asesor xurídico da FGC para a súa valoración. A iniciativa de D. Carlos Moure é aceptada pola Asemblea e sométese a votación quedando o seguinte resultado: abstención 1 (Bici Verde Club Ciclista), a favor 7 votos (resto asistentes).

## 6. Nomeamento da Xunta Electoral

A Secretaria nomea aos tres membros que presentaron a súa candidatura para ser titulares da Xunta Electoral, explicando que os tres cumpren cos requisitos estipulados no art. 5, pto. 3 do regulamento electoral.

- D. Manuel Fajar Salcidos
- D. Oscar F. Sánchez Alonso
- Doña Laura Pedreira Estévez

A Asemblea aproba por unanimidade a designación dos tres membros. Seguidamente, procédese á elección dos tres membros suplentes, presentando a súa candidatura:

- Ricardo Riveiro Núñez

Aceptada a súa designación por parte dos asembleístas, queda pendente de elección por parte da Comisión Delegada os dous membros suplentes nos tres días hábiles seguintes á devandita reunión, ao non haber máis voluntarios na mesma, tal e como cita o art.5, pto. 2 do Regulamento Electoral.

## **7. Autorización a Xunta Directiva para a tramitación de modificacións esixidas pola Secretaria Xeral para o Deporte**

A Asemblea autoriza á Xunta Directiva a realizar modificacións no Regulamento Electoral e no Calendario Electoral que sexan suxeridas pola Secretaría Xeral para o Deporte ou que veñan impostas polo número de integrantes do censo electoral definitivo.

E sen máis temas que tratar e sendo as 13.39 horas, levántase a sesión, da cal, como Secretaria certifico co visto e praxe do Presidente.

O Presidente,  
Juan Carlos Muñiz Nieto

A Secretaria,  
Begoña Carpinteiro Manteiga